Expte: 2242-232
Retiran: 25-01-2024

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

CONCELLO DE VIGO
PRAZA DO REI S/N
36202 VIGO
PONTEVEDRA

**ASUNTO: Remitindo o procedemento de inicio de segundas adxudicacións para publicación**

O Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, nos seus artigos 22, 24 e 26 establece que o inicio do procedemento de adxudicación de vivendas de promoción pública, a lista provisional e definitiva de persoas adxudicatarias e de espera, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello da localidade onde radiquen as vivendas.

Achegamos resolución de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios para vivendas de promoción pública en segundas e posteriores adxudicacións no concello de Vigo.

A xefa de Área Provincial

Margarita Cabaleiro Viñas
(Documento con sinatura electrónica)

**Asinado por:** CABALEIRO VIÑAS, MARGARITA
**Cargo:** Xefa da área provincial do IGVS
**Data e hora:** 18/12/2023 11:12:56

**CVE:** CfJoNThhObo1
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
R/ Alcalde Hevia, 7
36071 Pontevedra
igvs.xunta.gal

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

# RESOLUCIÓN DO 18 DE DECEMBRO DE 2023, DA COMISIÓN PROVINCIAL DE VIVENDA DE PONTEVEDRA, DE INICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS EN ESPERA PARA VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN SEGUNDAS E POSTERIORES ADXUDICACIÓNS PARA O CONCELLO DE VIGO

De acordo co que se establece no artigo 30 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, en sesión do 18 de decembro de 2023,

ACORDA:

Iniciar o proceso de selección de persoas adxudicatarias para vivendas de promoción pública en segundas e posteriores adxudicacións (vivendas vacantes), que se desenvolverá de conformidade cos seguintes criterios:

Primeiro. *Características das vivendas*

Número de vivendas: As vacantes que se produzan ao longo do ano

Localización das vivendas: No concello de Vigo

Tipoloxía das vivendas e composición familiar:

- Vivendas de catro dormitorios: para unidades familiares ou convivenciais de 6 ou máis membros
- Vivendas de tres dormitorios: para unidades familiares ou convivenciais de 4 e 5 membros
- Vivendas de dous e un dormitorio: para unidades familiares ou convivenciais de 3, 2 e 1 membros

Segundo. *Réxime de adxudicación das vivendas*

As vivendas adxudicaranse en réxime de arrendamento.

Terceiro. *Condicións xerais das persoas beneficiarias*

Poderán acceder a estas vivendas de promoción pública as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
R/ Alcalde Hevia, 7
36071 Pontevedra
igvs.xunta.gal

CVE: pDob0GZdolp9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

unidade familiar ou convivencial, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter expedida a credencial de inscrición do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello de Vigo á data desta resolución de inicio, e que estean anotadas para as vivendas de protección oficial de promoción pública (sección I).

2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar entre 0,7 e 2,5 veces o IPREM.

3. Residir ou traballar no concello onde se localizan as vivendas, excepto no caso de emigrantes que desexen retornar e que acrediten residir fóra de Galicia por un tempo non inferior a cinco anos.

4.Carecer de vivenda en calidade de persoas propietarias, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:

a) Excepcionalmente, poderán acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzosa, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional declarada polo organismo competente en materia de vivenda (artigo 64.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).

b) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012 do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Neste suposto quedarán obrigados a ofertar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS) a dita vivenda para os efectos do disposto no artigo 10.V do Decreto 253/2007.

c) A tenza doutra vivenda respecto da que non se posúa a súa plena propiedade e dispoñibilidade en calidade de dono, sempre que o valor catastral do inmoble non supere os 30.000 € (Resolución do 23 de febreiro de 2015 do IGVS).

Cuarto. *Condicións xerais de carácter económico*

CVE: pDob0GZdolp9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

a) Os contratos de arrendamento terán unha vixencia de sete anos prorrogables por períodos anuais e estará prohibido en todo caso a cesión ou subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar á resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións a que houbera lugar.

b) A renda inicial anual será a que resulte de lle aplicar o 3% ao que sería o prezo de venda da vivenda e anexos, no seu caso, determinado de acordo co establecido no Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS.

c) A firmeza da adxudicación estará condicionada á sinatura do correspondente contrato de arrendamento, previo pagamento por parte da persoa adxudicataria da fianza correspondente.

Quinto. *Procedemento de adxudicación*

De acordo co Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, antes mencionado, o procedemento de adxudicación será o de SORTEO entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello de Vigo ata a data de hoxe.

O feito de resultar adxudicatario/a provisional no sorteo non determinará a condición de adxudicatario/a definitivo/a, en tanto non se acredite que se reúnen os requisitos sinalados no criterio terceiro desta resolución.

Sexto. *Lotes*

De acordo co previsto no artigo 22.2.h) do mencionado Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, establécense tres lotes segundo o número de dormitorios das vivendas, realizándose un sorteo diferenciado para cada un deles atendendo a seguinte orde: primeiro as de 4 dormitorios (para unidades familiares ou convivenciais de 6 ou mais membros), en segundo lugar as de 3 dormitorios (para unidades familiares ou convivenciais de 4 e 5 membros) e en terceiro lugar as de 2 e 1 dormitorios (para unidades familiares ou convivenciais de 3, 2 e 1 membros).

Sétimo. *Número de solicitantes que integrarán a lista*

Serán quince as persoas demandantes para cada lote, seleccionadas entre todas as que

CVE: pDob0GZdolp9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

figuren inscritas a data desta resolución de inicio do procedemento, segundo os lotes establecidos.

A orde de confección da referida lista virá determinada pola orde de selección que se derive do sorteo.

Oitavo. *Publicidade*

A resolución de inicio do procedemento de adxudicación publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e as sucesivas publicacións, incluída a dita resolución de inicio do procedemento, a lista de persoas adxudicatarias provisionais resultante do sorteo e a resolución da lista definitiva de persoas adxudicatarias en espera, de acordo cos artigos 22.1 e 24.3 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, publicaranse nos taboleiros de anuncios do Concello de Vigo, no da Área Provincial do IGVS e na páxina web do organismo.

Esta publicidade substituirá ás notificacións persoais, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tras a publicación da lista provisional as persoas solicitantes que se consideren prexudicadas no seu dereito disporán dun prazo de dez días desde a publicación, para presentar reclamacións ante a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, que deberá adoptar a resolución que proceda no prazo máximo de tres meses.

Noveno. *Asignación de vivendas*

Cando se produzan as vacantes no concello de Vigo, estas serán adxudicadas ás persoas integrantes da lista por rigorosa orde de prelación.

Non obstante, de acordo co establecido no artigo 28 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, a Área Provincial do IGVS procederá á determinación da vivenda que lle corresponde a cada persoa adxudicataria tendo en conta a mellor adecuación das vivendas, así como, á composición da unidade familiar e convivencial daquelas.

A adxudicación seralles notificada as persoas interesadas e deberá conter, entre outros, os seguintes datos:

- Tipo de vivenda
- Superficie útil



CVE: pDob0GZdolp9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Réxime de adxudicación
- Prezo de renda

As persoas adxudicatarias definitivas disporán dun prazo de dez días hábiles para aceptar ou renunciar á adxudicación e, no caso de aceptar, deberán efectuar, dentro do prazo indicado, o ingreso da fianza e os gastos que procedan.

Décimo. *Data do sorteo*

O sorteo celebrarase as 10:00 horas do día 24 de xaneiro de 2024, ante o notario de Pontevedra que resulte designado.

Décimo primeiro. *Vixencia da lista*

A lista definitiva deste procedemento manterá a súa vixencia ata que se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) A aprobación pola Comisión Provincial de Vivenda de novas listas definitivas.

b) O esgotamento das listas debido a que non queden persoas integrantes ás que ofertar as vivendas.

Pontevedra, 18 de decembro de 2023

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda

José Manuel González González

(Documento con sinatura electrónica)

**DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.**

CONCELLO DE VIGO - REXISTRO XERAL

**Vigo,** 25 xaneiro 2024

**El Secretario General**

**P.A.**

**El Jefe del Registro General**

ASDO.- X. VICENTE COMESAÑA TRIGO.

Asinado por: GONZALEZ GONZALEZ, JOSE MANUEL
Cargo: Xefe Territorial
Data e hora: 18/12/2023 10:54:48

Asinado por: CABALEIRO VIÑAS, MARGARITA
Cargo: Xefa da área provincial do IGVS
Data e hora: 18/12/2023 10:22:18

CVE: pDob0GZdolp9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve